

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 18.01.2018 Hora: 10:30

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 18 de xaneiro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

- 1.1 8047 (10/PNC-000846)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o ofrecemento da materia de Lingua Portuguesa en todos os centros públicos de ensino de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017
- 1.2 8099 (10/PNC-000852)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe respecto das denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos en relación coas supostas dificultades postas polas administracións ou entidades públicas radicadas no territorio galego para o exercicio dos dereitos lingüísticos da cidadanía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017
- 1.3 13019 (10/PNC-001224)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas necesarias para tratar de evitar a práctica de revenda masiva de entradas a través da internet
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017
- 1.4 19576 (10/PNC-001588)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consolidación, restauración e conservación das pinturas murais ao fresco existentes nas igrexas parroquiais de Labrada e dos Vilares, no concello de Guitiriz
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017

- 1.5 20811 (10/PNC-001699)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis
Sobre a implantación polo Goberno galego das ensinanzas correspondentes
ao ciclo formativo de grao medio de sistemas microinformáticos e redes no
curso 2018-2019 no IES de Melide
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 222, do 04.12.2017
- 1.6 21002 (10/PNC-001717)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para o
traslado ao Museo do Ferrocarril situado en Vilagarcía de Arousa da
histórica locomotora coñecida como "Sarita", depositada na
actualidade na Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia, así como a súa
restauración para a divulgación do pasado ferroviario de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 222, do 04.12.2017
- 1.7 21405 (10/PNC-001755)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
coas intencións de Gas Natural-Fenosa de demoler o edificio histórico da
central eléctrica de Mollabao, na cidade de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 229, do 19.12.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar, na data 10/01/2018 10:18:12

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.^a, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 18.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 18.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 8047(10/PNC-000846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o ofrecemento da materia de Lingua Portuguesa en todos os centros públicos de ensino de Galicia

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 17:20
Nº Rexistro: 8047
Data envío: 18/04/2017 17:20:39.117

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre a aplicación da Lei 1/2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 24 de marzo de 2014 aprobouse a Lei 1/2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. Unha norma que foi resultado da tramitación da Iniciativa Lexislativa Popular Valentín Paz-Andrade.

A lei prevé a posta en valor do galego como unha lingua de utilidade internacional que conecta o noso pobo con múltiples territorios do mundo e organismos nos que o portugués é lingua oficial e / ou de uso maioritario.

No articulado da Lei Paz-Andrade os poderes públicos galegos comprométense –e obríganse– a promover o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas en todos os planos nomeadamente a través da incorporación progresiva da aprendizaxe deste idioma ao ensino regrado, na función pública e nos medios de comunicación de titularidade pública (CRTVG).



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 17:20
Nº Rexistro: 8047
Data envío: 18/04/2017 17:20:39.117

Porén, malia os avances producidos, apenas se teñen desenvolvido pequenos pasos nestes tres anos desde a aprobación da lei non téndose, por exemplo, convocado prazas de profesorado específico de Portugués no ensino público ao longo deste tempo o que mantén a responsabilidade de ensinar este idioma no voluntarismo de docentes fundamentalmente de Lingua Galega e na existencia de horarios sobrantes que permitan ofrecer esta opción.

Segundo os datos fornecidos pola propia Xunta de Galiza a través do informe arredor do cumprimento da lei no curso académico 2015/2016 até 60 centros impartiron Lingua Portuguesa como segunda lingua estranxeira o que supuxo 1.700 estudantes deste idioma no ensino regrado. Unha cifra que tería aumentado no presente curso mais que fica lonxe do conxunto de centros, un total de 341 en todo o país.

De facto, Galiza sitúase nunha cobertura do 17% dos centros mentres que en Estremadura, un territorio que leva anos a desenvolver unha intensa política de aproveitamento da lingua portuguesa, máis do 70% dos centros de ensino ofrecen o estudo do portugués como segunda lingua estranxeira e contan con profesorado específico para impartir as aulas.

Por todo o exposto formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a incorporar nas vindeiras Ofertas Públicas de Emprego para o ensino prazas de profesorado específico de Lingua



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2017 17:20
Nº Rexistro: 8047
Data envío: 18/04/2017 17:20:39.117

Portuguesa co obxectivo garantir o ofrecemento desta materia en todos os centros públicos do país.”

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/04/2017 17:17:07

Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2017 17:17:12

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/04/2017 17:17:16

María Montserrat Prado Cores na data 18/04/2017 17:17:24



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 18/04/2017 17:20

Nº Rexistro: 8047

Data envío: 18/04/2017 17:20:39.117

Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2017 17:17:28

Ana Pontón Mondelo na data 18/04/2017 17:17:31

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 18.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 8099(10/PNC-000852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe respecto das denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos en relación coas supostas dificultades postas polas administracións ou entidades públicas radicadas no territorio galego para o exercicio dos dereitos lingüísticos da cidadanía

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2017 17:03
Nº Rexistro: 8099
Data envío: 19/04/2017 17:03:23.891



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación en Cultura**.

Exposición de motivos

O Estatuto de Galicia no seu artigo 5 afirma o seguinte:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

A Lei 3/1983 do 15 de xuño, de normalización lingüística, concreta e amplía os dereitos dos cidadáns para utilizar a lingua galega en todos os ámbitos da vida, e claramente nas súas relacións con todas as administracións públicas.

Pero os dereitos lingüísticos non sempre se respectan en Galicia, como pon de manifesto o último informe sobre a aplicación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, así como as queixas frecuentes da cidadanía sobre actuacións das administracións públicas, tanto estatais como autonómicas e locais que en xeral se fan chegar aos órganos da Xunta de Galicia con competencia en materia lingüística,



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2017 17:03
Nº Rexistro: 8099
Data envío: 19/04/2017 17:03:23.891



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

solicitando que cumpra a súa obriga legal e defenda o dereito ao uso da lingua galega tomando as medidas correctoras necesarias.

Mais é imposible coñecer o alcance e intensidade de estas queixas e tampouco as medidas que toma a Xunta de Galicia para restaurar os dereitos lingüísticos e para cumprir a importantes tarefas legais que tanto o Estatuto como a Lei de normalización lingüística lle confire, o que nos priva dunha información relevante para coñecer e avaliar a convivencia entre as dúas linguas e detectar as áreas de maior conflitividade.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no prazo máximo de tres meses, elabore un informe, que será presentado en sede parlamentaria, no que se detalle o número de denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos ante os servizos competentes, por dificultar o uso dalgunha das linguas oficiais de Galicia por parte de administracións ou entidades públicas radicadas en Galicia, incluídos os órganos xudiciais, o tipo de resposta ofrecido e, no seu caso, as medidas adoptadas para reparar a vulneración do dereito da cidadanía á libre elección de lingua.”

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 19/04/2017 17:02:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2017 17:03
Nº Rexistro: 8099
Data envío: 19/04/2017 17:03:23.891



 **Grupo Parlamentario**

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 19/04/2017 17:02:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/04/2017 17:03:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 18.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 13019(10/PNC-001224)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas necesarias para tratar de evitar a práctica de revenda masiva de entradas a través da internet

Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 10:43
Nº Rexistro: 13019
Data envío: 24/07/2017 10:43:33.446

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Teresa Egerique Mosquera, María Antón Vilasánchez, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O crecente auxe experimentado polo comercio en liña, o e-commerce, debido á extensión do uso de internet e das tecnoloxías deu lugar nos últimos anos ao desenvolvemento de novas formas de negocio que buscan acadar máis posibilidades de circulación para os produtos e os servizos de consumo cidadán.

Se estes novos modelos de negocio telemático fan posible a adquisición inmediata de entradas a espectáculos e eventos, que nos casos de maior demanda poden chegar a esgotarse en cuestión de horas ou minutos, tamén permiten localizar esas mesmas entradas a través de canles de distribución non autorizadas polos promotores dos eventos e a prezos moi superiores, no que se coñece como revenda. Segundo datos facilitados por organizacións de consumidores, os novos importes destas entradas poden chegar a triplicar ou cuadruplicar o seu prezo orixinal.

Fronte a esta situación, nos últimos anos puxéronse en marcha algúns mecanismos dirixidos a evitar esta práctica de revenda masiva de entradas a través de internet. Con este mesmo fin, constituíuse recentemente a Alianza anti-revenda, unha plataforma impulsada por un grupo de artistas que demanda das Administracións estatal e autonómicas a aprobación de mecanismos que acaben con esta práctica.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar, dentro do seu ámbito competencial e en colaboración coa Administración xeral do Estado, así como cos sectores interesados, medidas que contribúan a frear os efectos negativos da revenda de entradas de espectáculos en internet e que lles proporcionen aos consumidores maiores garantías”.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 10:43
Nº Rexistro: 13019
Data envío: 24/07/2017 10:43:33.446

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/07/2017 10:40:54

Alberto Pazos Couñago na data 24/07/2017 10:41:46

Teresa Egerique Mosquera na data 24/07/2017 10:41:53

Maria Antón Vilasánchez na data 24/07/2017 10:42:01

César Manuel Fernández Gil na data 24/07/2017 10:42:08

Carlos Gómez Salgado na data 24/07/2017 10:42:11

Carlos Enrique López Crespo na data 24/07/2017 10:42:21

Antonio Mouriño Villar na data 24/07/2017 10:42:29

Moisés Rodríguez Pérez na data 24/07/2017 10:42:37

Martín Fernández Prado na data 24/07/2017 10:42:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 18.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 19576(10/PNC-001588)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consolidación, restauración e conservación das pinturas murais ao fresco existentes nas igrexas parroquiais de Labrada e dos Vilares, no concello de Guitiriz

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 11:18
Nº Rexistro: 19576
Data envío: 02/11/2017 11:18:50.622

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre as pinturas mural ao fresco situadas nas igrexas parroquiais de Labrada e dos Vilares, no Concello de Guitiriz, e as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a súa conservación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na igrexa parroquial dos Vilares, no Concello de Guitiriz, atópanse un conxunto de pinturas mural ao fresco enormemente deteriorados. En total son cinco pezas que recollen na parte esquerda da entrada, tres escenas dos evanxeos: a lamentación de Cristo Morto, a imposición da calulla a Santo Ildefonso e o Santiago Matamouros; xunto con outras dúas, localizadas na parte dereita da igrexa, que representan ornamentos xeométricos e un fragmento dunha escena de paisaxe.

Segundo o estudo realizado por Monterroso Montero datarían do século XVI, entre 1530 e 1540, e atribúenselle ao Mestre de Parga.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 11:18
Nº Rexistro: 19576
Data envío: 02/11/2017 11:18:50.622

Tamén na igrexa da Labrada, no mesmo concello, foron atopados murais, desta volta de autoría descoñecida mais de data próxima aos dos Vilares.

Debido á falta de atención e mantemento, ás humidades e o paso do tempo, os frescos dos Vilares e Labrada atópanse moi deteriorados e en grave risco de desaparición. Así o sinalaron dous técnicos de restauración aos que a Asociación Sociocultural Lareira de soños lles pediu unha valoración profesional ao respecto.

Ambos os dous profesionais coincidiron en sinalar que era precisa unha restauración integral de urxencia e non só a consolidación das pezas. Neste senso, malia os contactos que a entidade cultural mantivo con diversas institucións, non se ten acometido ningunha tarefa de consolidación nin restauración sobre os frescos o que agrava o seu estado actual.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver un estudo técnico que avalíe o estado de conservación dos frescos situados nas igrexas parroquiais dos Vilares e Labrada (Guitiriz) e as medidas a adoptar para frear o seu deterioro e garantir a súa conservación.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 11:18
Nº Rexistro: 19576
Data envío: 02/11/2017 11:18:50.622

2. Abrir un espazo de diálogo co Arcebispado, o Concello de Guitiriz e a Deputación de Lugo para acometer as actuacións de consolidación e restauración que sexan precisas.”

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2017 11:18:11

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2017 11:18:17



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 11:18
Nº Rexistro: 19576
Data envío: 02/11/2017 11:18:50.622

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2017 11:18:22

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2017 11:18:24

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2017 11:18:25

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2017 11:18:34

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 18.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 20811(10/PNC-001699)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego das ensinanzas correspondentes ao ciclo formativo de grao medio de sistemas microinformáticos e redes no curso 2018-2019 no IES de Melide

Publicación da iniciativa, 222, 04.12.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 17:45
Nº Rexistro: 20811
Data envío: 27/11/2017 17:45:17.311



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Álvarez Martínez, e das súas deputadas, María Concepción Burgo López e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A planificación da oferta educativa das ensinanzas postobrigatorias debe atender a varios obxectivos, entre eles, potenciar as oportunidades de formación do alumnado e contribuír ao desenvolvemento social e económico da sociedade.

Non é menos certo que esa planificación se debe realizar con criterios obxectivos, tras a análise oportuna, pero tamén considerando sempre que a formación das persoas sempre trae consigo melloras, tanto persoais como sociais.

Aínda que este grupo parlamentario ten tentado en varias ocasións que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estableza criterios obxectivos, froito do consenso parlamentario, para deseñar unha rede de centros para o futuro do noso país, sempre obtivemos a mesma resposta: non.

Por ese motivo, consideramos moi procedente presentar iniciativas neste caso relacionadas coa oferta educativa do IES de Melide.

Este centro educativo conta coas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclos formativos de grao básico e medio de carpintaría e moble.

Considera este grupo parlamentario que sería necesario incrementar a oferta educativa incluíndo o ciclo formativo de grao medio de sistemas microinformáticos e redes, regulado no Decreto 27/2010, polas seguintes razóns:

1. A comarca Terra de Melide presenta, dende o punto de vista da natalidade, unha situación estable, como se pode comprobar empregando os datos do Instituto Galego de Estatística sobre nacementos, que son os seguintes:

Grupo Parlamentario

Ano	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Nacementos	70	80	93	78	86	76	65	79	86	76	62	71	66	71	69	70	79

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. O informe sobre a ocupación laboral do alumnado de Formación Profesional que rematou a Formación en Centros de Traballo no ano 2015 (último dispoñible), apunta varias conclusións moi interesantes sobre o alumnado desta familia profesional de informática e comunicacións:

- A cantidade de alumnos/as que traballan na mesma empresa na que realizaron as prácticas é unha das máis altas (40,4 %).
- Dos alumnos ocupados actualmente, o 78 % traballan en postos que consideran relacionados co seu ciclo; unha das porcentaxes máis altas de entre as distintas ramas profesionais.

3. A oferta deste ciclo formativo máis próxima dentro da provincia da Coruña atópase no IES de Curtis (a 30 km aproximadamente).

4. Os espazos necesarios para implantar este ciclo formativo, establecidos no mencionado Decreto 27/2010 son os seguintes, para 30 alumnos:

- Aula polivalente de 60 m²
- Aula técnica de 60 m²
- Taller de instalación e reparación de equipamentos informáticos de 120 m² que entendemos que se poden habilitar no centro, máxime tendo en conta as correspondentes porcentaxes de utilización destes espazos que permiten o seu uso compartido con outras ensinanzas, cando menos da aula polivalente.

5. A posibilidade de completar a oferta no futuro, tanto con formación profesional de grao básico como superior.

Sobre a base das anteriores consideracións o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 17:45
Nº Rexistro: 20811
Data envío: 27/11/2017 17:45:17.311



 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a implantar no curso 2018/2019 as ensinanzas correspondentes ao ciclo formativo de grao medio de sistemas microinformáticos e redes IES de Melide.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 27/11/2017 16:58:28

Maria de la Concepción Burgo López na data 27/11/2017 16:58:42

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/11/2017 16:58:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/11/2017 17:03:50

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 18.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 21002(10/PNC-001717)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para o traslado ao Museo do Ferrocarril situado en Vilagarcía de Arousa da histórica locomotora coñecida como "Sarita", depositada na actualidade na Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia, así como a súa restauración para a divulgación do pasado ferroviario de Galicia

Publicación da iniciativa, 222, 04.12.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:10
Nº Rexistro: 21002
Data envío: 30/11/2017 17:10:46.683



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa ao traslado da locomotora “Sarita” ao seu emprazamento orixinal.

Trátase dunha locomotora histórica, fabricada en 1880 en Leeds pola Hunslet Engine Company, por encargo da compañía ferroviaria portuguesa “Beira Alta”. Para, en 1886, ser regalada a John Trulok para que a usara como vehículo de recoñecemento das obras que se estaban a realizar. Será nese momento cando a rebautice co nome de Sar e a sitúe na estación de Carril en Vilagarcía. Porén, á morte de Trulock en 1919 a locomotora acabárase reintegrando na rede de ferrocarrís española.

A última viaxe da “Sar”, empregando os seus propios medios, foi realizado de Vigo a Vilagarcía para ser exposta na Edición de 1968 na Feira Exposición de Galicia.

Logo, esta importante peza do ferrocarril de Galicia, foi depositada na estación de Madrid Delicias en 1979 para formar parte da colección do Museo Nacional do Ferrocarril. Alí permanecería ata 1990, ano no que foi cedida á Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia, onde se atopa actualmente, nun importante estado de abandono.

Tendo en conta a vinculación clara entre a locomotora e Vilagarcía, concello que dispuxo da primeira estación de ferrocarril de Galicia, e que nel se empraza o Museo do Ferrocarril, máxime unha vez que a mencionada Fundación pasou a mans públicas non debería haber motivo algún para que a locomotora continuara en Padrón.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:10
Nº Rexistro: 21002
Data envío: 30/11/2017 17:10:46.683



Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- Levar a cabo as medidas necesarias para que a locomotora coñecida como “Sarita” volva ao seu emprazamento orixinal, a antiga instalación de Ferrocarril de Vilagarcía, hoxe en día Museo do Ferrocarril.
- Proceder á súa inmediata restauración para que axude a dar a coñecer o pasado ferroviario de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 30/11/2017 16:59:40

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/11/2017 17:00:08



GRUPO PARLAMENTAR

Luis Villares Naveira na data 30/11/2017 17:01:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2017 17:10
Nº Rexistro: 21002
Data envío: 30/11/2017 17:10:46.683



Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 18.01.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 21405(10/PNC-001755)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións de Gas Natural-Fenosa de demoler o edificio histórico da central eléctrica de Mollabao, na cidade de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 229, 19.12.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2017 13:06
Nº Rexistro: 21405
Data envío: 12/12/2017 13:06:18.880



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.ª**, relativa á demolición do edificio histórico da Central Eléctrica de Mollavao, en Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Gas Natural-Fenosa ten intención de proceder, na cidade de Pontevedra, á eminente demolición do edificio histórico da Central Eléctrica de Mollavao.

Nos últimos anos, por toda Galicia, perdéronse mostras significativas de edificios e fábricas que por se mesmas significaban todo un testemuño do desenvolvemento industrial, comercial e económico do noso país.

Mentres noutros lugares de Europa, e tamén do Estado, se está a prestar especial atención á recuperación e restauración de construcións desta índole, pola contra non son poucos os casos, nas nosas cidades e vilas, que se dilapidan mostras sinaladas dun patrimonio cultural que todos deberíamos protexer.

Por medio destes edificios, a maiores da súa contrastada riqueza arquitectónica, transmítesenos a memoria do traballo, das tecnoloxías, do progreso empresarial e máis a historia mesma da clase obreira.

Unha empresa como Gas Natural-Fenosa —por moitos e privilexiados contactos que teña no seo do Goberno galego— non pode actuar por fóra do control da



administración autonómica —ou municipal— e tentar derrubar, como se anunciou hai uns días, un edificio inaugurado hai 90 anos que, polas súas características formais, é toda unha singular mostra das construcións deseñadas durante o primeiro proceso de electrificación de Galicia.

A Xunta de Galicia xa permitiu nos últimos anos de que se demolesen na cidade de Pontevedra, para escándalo das entidades proteccionistas, o Teatro Cine Malvar, a cheminea da Curtidoira, o antigo almacén do sal da Moureira, o Chalé dos Obreiros da fábrica Tafisa e, hai ben pouco, do pequeno pavillón racionalista onde nacera a emisora Radio Pontevedra.

Nese sentido, e para que non se repitan actuacións propias dunha “piqueta inculta”, esixímoslle que non mire para outro lado e poña en garda aos seus servizos de Patrimonio para que a nosa mellor arqueoloxía industrial, como é o caso do edificio pontevedrés da Central Eléctrica de Mollavao, sexa finalmente salvado dunha vergoñenta demolición.

E de ser así, sumado a un desexable proceso de restauración, que poda ser gozado no futuro por unha veciñanza pontevedresa que vén de facer público un claro chamamento para que, por parte das administracións, especialmente a Xunta de Galicia, se evite a toda costa a súa destrución.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Facer o obrigado ditame sobre esta singular mostra urbana de arqueoloxía industrial galega.
- 2.- Poñer en funcionamento as medidas necesarias para que os servizos de



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2017 13:06
Nº Rexistro: 21405
Data envío: 12/12/2017 13:06:18.880



Patrimonio, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, poidan evitar agresións deste tipo novamente.

3.- Evitar a demolición do edificio histórico da Central Eléctrica de Mollavao en Pontevedra.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Luca Chao Pérez,

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/12/2017 11:43:50

Luca Chao Pérez na data 12/12/2017 11:43:57

Luis Villares Naveira na data 12/12/2017 11:44:05